



REINICIA RIBADEO II

BASES DE SELECCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEGUNDO PLAN DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL REINICIA RIBADEO

1. Obxecto

A presente convocatoria tén por obxecto regular a participación no segundo programa de transformación dixital “**Reinicia Ribadeo**” dirixido ás persoas autónomas e micropemes asentadas en Ribadeo e encadradas en calquer sector.

Este programa desenvolverase durante o mes de novembro e parte de decembro, tempo durante o cal se traballará para acadar os seguintes obxectivos:

- **Mellorar as competencias dixitais no ámbito empresarial**
- **Impulsar o crecemento e a visibilidade dixital** dos negocios de Ribadeo, incrementando e/ou mellorando a súa presenza on line.
- **Formación práctica grupal para o desenvolvemento de capacidades dixitais** dentro do seu negocio local.
- **Asesoramento práctico individualizado** dirixido á adquisición de competencias dixitais específicas e apoio á transformación dixital dos negocios locais.
- **Adaptar o traballo diario dos negocios ás novas canles dixitais** de venda e comunicación.
- Aprender a traballar en base a **estratexias e obxectivos** para mellorar os resultados.



REINICIA RIBADEO II



2. Detalles do programa

Reinicia Ribadeo conta con dúas liñas de actuación: formación práctica e asesoramento.

A liña de formación consistirá en microcursos prácticos que abordarán as principais áreas de dixitalización dos negocios (**imaxe corporativa na rede, redes sociais, comercio electrónico, fidelización de clientes**). Cada unha destas áreas estará dividida en dous niveis de coñecemento (básico e iniciado) e, sempre que o número de persoas inscritas o permita, tamén se dividirán os cursos por sectores (hostalaría, comercio e servizos). Tratarase de que cada unha das persoas participantes desenvolva un proxecto individual de dixitalización da súa empresa.

As prazas para a formación convocaranse de forma aberta para tódolos negocios locais. O número de prazas dependerá dos aforos e das restricións sanitarias en caso de que as houbera no momento da súa realización e os cursos terán unha duración aproximada de 2 horas.

O asesoramento deberá ser solicitado polas persoas participantes, que terán dereito a 3 horas de acompañamento individualizado, sempre e cando asistan un mínimo do 60% das clases do seu nivel e/ou sector.

3. Solicitantes e beneficiarios do programa de asesoramento

Poderán ser beneficiarios deste programa, as persoas autónomas e micropemes dadas de alta no Censo do IAE que desenvolvan a súa actividade no Concello de Ribadeo, **con independencia do tipo de actividade que leven a cabo.**

Admitirase que sexan as persoas traballadoras contratadas polas empresas as que reciban a formación práctica e/ou asesoramento, sempre e cando se fagan responsables de levar a cabo o proxecto de dixitalización da empresa..



REINICIA RIBADEO II

4. Requisitos

- Desenvolver a actividade en Ribadeo e estar dado de alta no IAE correspondente.
- Contar con ordenador e conexión a internet no seu lugar de traballo e dispoñer de coñecementos informáticos nun nivel básico.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social
- Aceptar o compromiso de traballo conxunto.

5. Documentación

Para realizar a solicitude, as empresas deberán aportar a seguinte documentación a través do rexistro do Concello:

- Copia do DNI
- ANEXO I. Formulario de inscrición
- ANEXO 2. Declaración xurada firmada
- Relación Nominal de Traballadores ou Recibo de Liquidación de Cotizacións do mes de marzo

6. Criterios de selección

O número de prazas para a formación práctica será libre ata completar os aforos e sempre que as restricións sanitarias, se as houberse, o permitan. **Cando as solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos superen as prazas ofertadas, seguiranse os seguintes criterios para a selección:**

- Terán preferencia aqueles negocios que posúan un menor número de persoas empregadas:

A puntuación outorgarase da seguinte forma:

- 1-2 persoas empregadas: 3 puntos
- 3-5 persoas empregadas: 2 puntos
- Máis de 5 persoas empregadas: 1 punto



REINICIA RIBADEO II

Valoraranse tamén as necesidades de mellora detectada e a motivación para levar a cabo a acción de mellora. Deste xeito, darase prioridade a aqueles negocios que teñan un menor nivel de dixitalización segundo os seguintes apartados:

- Presencia e visibilidade na rede (identidade corporativa dixital, páxina web, blog, redes sociais, directorios...)
- Uso de técnicas de fidelización de clientela.
- Comercio electrónico e/ou sistemas de reservas on line.

Este apartado será valorado ata 2 puntos. A puntuación outorgarase mediante unha entrevista persoal ás persoas interesadas.

O máximo de puntuación serán 5 puntos.

7. Presentación de solicitudes

As solicitudes deberán remitirse a través da sede electrónica ou presentarse presencialmente no rexistro do concello, achegando a documentación requirida, agás aquelas persoas estean obrigadas a facelo de maneira dixital segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015 de 1 outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo para inscribirse nos cursos de formación remata o **xoves 4 de Novembro**.

8. Resolución

As solicitudes iranse avaliando de acordo á orde de inscrición. Unha vez concluída dita avaliación, notificarase ás empresas e/ou persoas autónomas para dar comezo ao programa de transformación dixital.



REINICIA RIBADEO II



9. Protección de datos

Ao inscribirse neste proxecto acéptase que o Concello de Ribadeo reciba e xestione os datos facilitados. Se se desexa, sempre se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos mesmos.

10. Información

Para solicitar máis información sobre este programa, pode poñerse en contacto no número de teléfono 982 128 650 ou no email silviaadi@ribadeo.org



REINICIA RIBADEO II

